

UNIDADE DIDÁCTICA PORTAS DO XURÉS



Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

GERÊS-XURÉS
mais sustentável

GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIÇA



.....

DEPUTACIÓN
OURENSE

UNIDADE DIDÁCTICA PORTAS DO XURÉS



Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Espana – Portugal

**GERÊS-XURÉS
mais sustentável**

GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIÇA




**DEPUTACIÓN
OURENSE**

O proxecto GERÊS-XURÉS MAIS SUSTENTÁVEL está cofinanciado pola Unión Europea a través do programa Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027

El proyecto GERÊS-XURÉS MAIS SUSTENTÁVEL está cofinanciado por la Unión Europea a través del Programa Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027

O projeto GERÊS-XURÉS MAIS SUSTENTÁVEL está cofinanciado pela União Europeia através do Programa Interreg VI A Espanha-Portugal (POCTEP) 2021-2027

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

GERÊS-XURÉS
mais sustentável

GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIÇA



Edita: Proxecto GÊRES-XURÉS MAIS SUSTENTÁVEL

Coedita: Deputación de Ourense

Textos e deseño: Sustinea
(novembro 2025)

Impresión: Ourense Deimpresión S.L
Depósito Legal: OU 323-2025

Impreso en papel ecológico


ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	6
2. PORTA DE BANDE: <i>AQUIS QUERQUENNIS</i>	7-8
3. PORTA DE CALVOS DE RANDÍN: COUTO MIXTO	9-10
4. PORTA DE ENTRIMO: XEOMORFOLOXÍA E PAISAXE	11-12
5. PORTA DE LOBEIRA: ETNOGRAFÍA	13-14
6. PORTA DE LOBIOS: FAUNA E FLORA	15-16
7. PORTA DE MUÍÑOS: AUGA E MEGALITISMO	17-18
8. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA	20

1. INTRODUCCIÓN

No corazón da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX) agóchanse tesouros que resgardan anacos da nosa historia. Estes vestixios atópanse a salvo nas chamadas Portas do Xurés. Encadrados en seis espazos que se localizan en diferentes áreas deste espazo natural que nos somerxen na historia e patrimonio destas terras. Nelas poderás atopar información e mostras da paisaxe; vestixios da cultura das persoas que habitaron aquí, ao tempo que gozas aprendendo.

Pero de cando e que estamos a falar?



1. Porta de Bande: Centro de Interpretación *Aquis Querquennis*


2. Porta de Calvos de Randín: Centro de Interpretación do Couto Mixto.

3. Porta de Entrimo: Centro de Interpretación da Xeomorfoloxía e a Paisaxe.

4. Porta de Lobeira: Centro de Interpretación da Etnografía

5. Porta de Lobios: Centro de Interpretación da Fauna e Flora.

6. Porta de Muíños: Centro de Interpretación da Auga e Aula arqueolóxica do megalitismo do Val do Salas e da Serra do Leboeiro.



7. Parque Nacional Peneda-Gerês

8. Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés

2. PORTA DE BANDE: *AQUIS QUERQUENNIS*

DESCRICIÓN	SABÍAS QUE...?
+ Campamento militar que deu acubillo a 1000 soldados. + Función: Construír e vixiar a Vía Nova (Vía XVIII), que unía Braga e Astorga.	+ Os lexionarios romanos eran os encargados de construír pontes; comunicacións e acueductos durante o imperio? + O servizo militar romano duraba entre 25-30 anos? + O nome de <i>Aquis Querquennis</i> vén pola presenza próxima de augas termais (<i>Aquae</i>) e das carballeiras que as rodean (<i>Quercus-Quequennae</i>)?
TEMPORALIZACIÓN	
+ Finais do S.I/ comezos S.II d.C. (79-120 d.C.).	


Durante todo o período da civilización romana, os lexionarios foron os encargados de realizar as conquistas e infraestruturas que marcaron a historia de Roma.



Sabes que levaba consigo un lexionario romano?

1. **Pugio** (Puñal)
2. **Caligae** (Sandalias. No inverno levaban unha protección de lá para non mollarse)
3. **Pilum** (Lanza / Xavelina)
4. **Galea** (Casco)
5. **Lorica** (Coraza de placas para protexerse de estocadas inimigas)
6. **Scutum** (Escudo)
7. **Túnica**.

+ Como se distribuía o interior do campamento romano de *Aquis Querquennis*?




- **Barracóns da tropa (*Strigia*):** Era o lugar onde durmían e descansaban os lexionarios. Cada barracón tiña unha pequena casa para o centurión (o xefe) e 10 habitacións chamadas *contubernia*, onde vivían 8 lexionarios en cada unha (en total, 80 soldados por barracón). Estaba construído arredor dun patio central (*impluvium*) con unha cisterna para recoller a auga da choiva e unha canle que levaba ás latrinas.
- **Hospital (*Valetudinarium*):** Tiña unha planta parecida ás casas romanas chamadas *domus*. As súas salas estaban organizadas arredor dun patio (*peristilum*). Servía para coidar dos lexionarios enfermos ou feridos e, en tempos de paz, tamén atendía a cidadáns que precisaban axuda médica.
- **Celeiros (*Horrea*):** Eran grandes almacéns onde se gardaba o gran e outros alimentos para os lexionarios e para os cabalos. A súa comida baseábase en cereais como o centeo e a avea, e tamén en carne de ovellas e vacas que criaban, ademais do que cazaban ou pescaban.
- **Principia (Cuartel xeral):** Estaba no centro do campamento e era o lugar máis importante para o exército. Tiña un foro, unha basílica e un pequeno *aedes* onde se facían cultos relixiosos. Un pórtico con columnas conducía a un patio central no que había unha estatua do emperador, a autoridade máxima.
- **Praetorium:** Era a casa do pretor, o xefe principal da unidade militar.
- **Latrinas:** Situadas no extremo sur do campamento, servían para evacuar as augas residuais. Era o lugar onde os lexionarios facían as súas necesidades, todos xuntos, en pequenos asentos. Tiña capacidade para dezaseis persoas.

3. PORTA DE CALVOS DE RANDÍN: COUTO MIXTO

DESCRICIÓN	SABÍAS QUE...?
+ Espazo independente entre Galicia e Portugal, que destacou por posuír unha serie de grandes privilexios con respecto ás poboacións veciñas. + Estaba composto por tres aldeas: Santiago de Rubiás, Rubiás dos Mixtos e Meaus.	+ Existía unha fortaleza portuguesa, o Castelo da Picoña, que servía para a vixiar o Couto Mixto? Pasou por diferentes conflitos ata a súa desaparición, foi derrubado polos casteláns, no ano 1650. + A Arca das tres Chaves era o lugar onde se gardaban os documentos do Couto Mixto e que está na sacristía da Igrexa de Santiago de Rubiás?
TEMPORALIZACIÓN	
+ Medios S.XII (aprox.) - 1864 (asínase o Tratado de Lisboa)	

Apenas temos información sobre as súas orixes, xa que os documentos que se gardaban na Arca das Tres Chaves foron queimados polos franceses durante a Guerra de Independencia (1808-1812). Sobre a súa orixe existen diversas teorías: Ter sido un lugar de foraxidos; gozar dun foro especial no que se recoñecían os seus privilexios; que fose un espazo neutral entre Galicia e Portugal, etc.



Mapa do Couto Mixto

A tradición popular recolle unha lenda sobre unha raíña que tras fuxir duns inimigos portugueses e a piques de dar a luz a un fillo, pediu auxilio á vecindade.

Esta axudoulle a que o seu fillo nacera e agochouna dos seus perseguidores, trasladándoa de aldea en aldea ata que os portugueses desistiron.

Como agradecemento, a raíña outorgoulles unha serie de privilexios, vixentes ata a súa desaparición:

1. *Non ter que enviar homes ao exército nin participar en guerras entre España e Portugal.*
 2. *Posibilidade de escoller nacionalidade (española ou portuguesa).*
 3. *Non pagar impostos a España nin a Portugal.*
 4. *Camiño Privilexiado: Pequena ruta que unía o Couto Mixto coa aldea de Tourem, polo que podían ir libremente con mercadoría, sen que puideran molestar os seus usuarios.*
 5. *Posibilidade de elixir representantes propios. Estes eran:*
 - *Xuíz (Civil/Gobernativo): Electo entre os veciños, era o encargado de manter a orde dentro do Couto Mixto e defender os seus dereitos ante España e Portugal. Elixido cada 3 anos, pero podía dimitir ou ser substituído se non cumpría a súa función.*
 - *Homes de acordo: dous por cada aldea, encargados de transmitir as ordes do xuíz e, á súa vez, auxiliar o xuíz.*
 - *Vigairo do mes: Cargo ocupado de maneira rotatoria polos veciños.*
- Encargado de executar as decisións do xuíz.*

A realidade histórica do Couto Mixto desaparece coa sinatura do Tratado de Lisboa de 1864, entre España e Portugal, no que se reparten tanto as tres aldeas do Couto Mixto (España) como os Pobos Promiscuos (Portugal, preto de Chaves).



Castelo da Picoña

4. PORTA DE ENTRIMO: XEOMORFOLOXÍA E PAISAXE

DESCRICIÓN

+ Nesta Porta destaca o estudo do relevo; minerais e elementos que foron construíndo a paisaxe actual do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

SABÍAS QUE...?

+ A área xeolóxica do Xurés séguese movendo uns poucos centímetros cada ano. Isto débese ao movemento constante das súas cordilleiras.

+ Hai unha aldea que se construíu sobre bolos graníticos. É a aldea de A Cela, e os seus habitantes aproveitaron estas formacións para construír as súas casas.

Para entender unha paisaxe temos que fixarnos nas montañas, nos ríos e nas formas do terreo. A xeoloxía é a ciencia que estuda como cambiou a Terra ao longo do tempo. Grazas a ela sabemos como era o clima, a paisaxe e os animais que vivían aquí hai miles ou millóns de anos.

+ Sabes que as cordilleiras e rochas do Xurés teñen uns 370 millóns de anos? Isto pasou porque hai moitísimo tempo dous continentes chocaron nesta zona, e aínda hoxe seguen movéndose moi lentamente.


O Xurés cambia continuamente por diferentes procesos xeolóxicos:



Erosión: O vento e a auga van modelando as rochas e creando formas moi especiais, como as pedras cabaleiras, a Pedra Furada ou os grandes bolos graníticos.



Glaciarismo: Hai uns 20.000 anos había xeo nestas montañas. Os glaciares formaron vales en forma de V e de U e pequenas lagoas.



Canóns fluviais: Os ríos Limia, Cávado e Salas foron escavando a terra durante millóns de anos, creando canóns profundos no Xurés.



Recursos termais: As fracturas do granito deixan subir a auga quente ata a superficie, formando as augas termais de Bande e de Río Caldo en Lobios.



Ademais, o Xurés foi unha zona con **volframio**, un mineral moi valioso. Durante a Segunda Guerra Mundial era moi buscado porque servía para facer materiais moi resistentes, e por iso esta zona tivo gran importancia nese tempo.

5. PORTA DE LOBEIRA: ETNOGRAFÍA

DESCRICIÓN

- + Permítenos coñecer os materiais e ferramentas coas que viviron os nosos devanceiros

SABÍAS QUE...?

- + En Facós (Lobeira) gravouse, en 1940, o documental “O Carro e o Home”, excepcional gravación que representa o vencello entre ambos.
- + Xaquín Lorenzo, un dos grandes etnógrafos galegos, faleceu en Facós (Lobeira).

A etnografía permítenos achegarnos ao coñecemento dos costumes, tradicións, oficios e modos de vida dos nosos devanceiros. Grazas a esta ciencia sabemos que comían as nosas avoas, como se organizaban as tarefas do campo, o modelo de xestión dos bens comunitarios (levadas, muíños, pastos comunais) e as ferramentas empregadas no día a día.

Xaquín Lorenzo, coñecido como “Xocas”, un dos grandes etnógrafos galegos, pasou longas tempadas e faleceu en Facós (Lobeira.) Foi un etnógrafo fundamental do século XX, membro do Seminario de Estudos Galegos e presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego. Ao longo da súa vida recolleu oficios, modos de traballo e ferramentas, tanto da Baixa Limia como conxunto do rural galego, garantindo así o mantemento do legado labrego.



Xaquín Lorenzo “Xocas”

+ De que materiais estamos a falar?

Vestimenta: Corozas (capas feitas de xuncos entrelazados para protexerse da chuva); zocos; refaixos das saias; traxes tradicionais...

Casa: Era o símbolo da unión do campesiño coa terra e paisaxe que traballaba. A ela van asociada certos elementos da vivenda tradicional e o uso de ferramentas e vivencias únicas no seu interior.

Ferramentas do fogar: Ferro de pasar; o pote; as tenaces; os colchóns feitos de lá; sabas de liño; o fol para avivar as brasas...

Apeiros de labranza: Picañas; grades; arados romanos; fouces; mallos; carros, etc.

Traballos en comunidade: A veceira; a seitura; a sementeira; o emprego de pastos comúns; o arranxo de camiños; as levadas de auga... todas estas labores implicaban a toda a vecindade, en beneficio do desenvolvemento da comunidade da aldea.




Coroza



Ferramentas de ferreiro



Malla



Carro Galego

A comuñón entre os labregos e a terra que habitaban era absoluto. Os campesiños coidábana e traballábana arreo, aproveitando cada recurso que esta lles brindaba, creando tradicións e costumes que se mantiveron durante séculos nestas terras.

6. PORTA DE LOBIOS: FAUNA E FLORA

DESCRICIÓN

+ A Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX) destaca por ser refuxio de diferentes especies de flora e fauna nunha contorna natural única.


SABÍAS QUE...?

+ O Baixa Limia-Serra do Xurés é o parque natural máis grande de Galicia con case 30000 ha.
Ocupa máis do 60% da superficie dos parques naturais de Galicia.

A Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX) nace no 2009, e está conformada polos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños en Galicia e Arcos de Valdevez, Melgaço, Montalegre, Ponte da Barca e Terras de Bouro no Norte de Portugal. A paisaxe está composta principalmente por serras agrestes e suaves cunha altitude media por riba dos 1000 m. sobre o mar con grandes afloramentos graníticos (penedos).

Destaca pola escasa poboación humana, presenza de gando en extensivo (vaca cachena e cabalo garrano, autóctonos da zona). Abrangue diversas figuras de protección no seu territorio coma:

- . Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés
- . Zona de Especial Conservación (Rede Natura 2000) ZEC Baixa Limia.
- . Zona de Especial Protección de Aves (RedeNatura2000) ZEPA Baixa Limia-Serra do Xurés.




Paisaxe da Serra


+ Flora: hai 807 especies de flora, das cales, 117 son endémicas.

A máis destacada é o Lirio do Xurés (*Iris boissieri*) (endémico e en perigo de extinción / Catálogo Galego de Especies Ameazadas). Tamén existen outras especies como o Cardíño da Lagoa (*Eryngium viviparum*, tamén en perigo de extinción); e as *Armeria humilis subsp. Humilis* e *Armeria humilis subsp. odorata*, ambas endémicas do Xurés.

+ Fauna: destacan as aproximadamente 150 especies de aves, sendo as máis recoñecibles a aguia cobreira europea, o voitre leonado; voitre negro e bufo real; (*Bubo bubo*); víbora fuciñuda (*Vipera latastei*) e destacando sobre todas elas a aguia real (*Aquila chrysaetos*; en perigo de extinción).



Lirio do Xurés



Vaca Cachena



Cabra do Xurés



Aguia Real "Eufemia"

A cabra montesa: representativa do parque, foi reintroducida hai máis de 25 anos tras desaparecer pola caza intensiva. A subespecie orixinal era a lusitánica, non obstante, a actual provén da Serra de Gredos en Extremadura, posto que é a máis similar. Alén da cabra montesa; existe abundante fauna común coma corzos (*Capreolus capreolus*); cervo europeo (*Cervus elaphus*); xabaríns (*Sus scrofa*), raposos (*Vulpes vulpes*), perdiz rubia (*Alectoris rufa*); gato montés (*Felix silvestris*), teixugo (*Meles meles*), lontra (*Lutra lutra*), auganeira (*Galemys pyrenaicus*; Vulnerable) e distintos mustélidos como a garduña (*Martes foina*). Así mesmo, sábese da existencia de diversas especies de morcegos.

7. PORTA DE MUÍÑOS: AUGA E MEGALITISMO

DESCRICIÓN	SABÍAS QUE...?
+ O megalitismo erixiuse como unha mostra intemporal dos rituais funerarios no Xurés.	+ Os dolmens sempre se situaban cara ao solsticio de inverno?
TEMPORALIZACIÓN	+ É posible que os dolmens puideran marcar propiedade ou ser guía nos camiños para as poboacións do Neolítico?
+ 3500-2000 a.C.	

Hai preto de 5 milenios, os habitantes destas terras soterraban os seus falecidos dunha maneira moi especial. Neste período, coñecido como Neolítico, as poboacións comezan a crear asentamentos permanentes e realizar enterramentos de maior complexidade, unha relixiosidade ligada ao cultivo da terra e á gandería. Destaca a importancia que tivo, tanto para esta cultura como para as que a sucederon, a auga. Elemento esencial para a vida e que abunda nas paisaxes do Xurés.

Deste período destaca o chamado **Megalitismo** (do grego mega = grande e lithos = pedra), termo que fai referencia aos grandes monumentos funerarios que se crean nesta época. Localízanse nos planaltos do Val do Salas e a Serra do Leboreiro e salientan por aparecer moi dispersos.



Materiais habituais nos dolmens

+ Este tipo de enterramentos responde a tres tipoloxías:

Menhir (pedras fincadas): Un exemplo atopámola na lapa de Gargatáns (Moraña, Pontevedra).

Cromlech: O monumento máis representativo nesta materia é o o Cromlech de Stonehenge (Reino Unido).

Dolmens: Os dolmens son agrupacións de pedras verticais sobre as que se apoia unha laxa pétrea grande, que servía como teito do soterramento. É a construción megalítica máis abundante nas Serras do Xurés e do Leboreiro.

Función principal: Servir de sartego funerario para as poboacións que habitaban o territorio. É habitual atopar no seu interior diferentes obxectos: enxovais funerarios; ferramentas cotiáns (cinceis; machados; puntas de frecha; aixadas...) ou cerámicas de decoración simple ou dotada de certa complexidade artística en función de cada caso. Así mesmo, poderían servir como marcas de territorio, isto é, como sinal de separación entre poboacións ou sinalización de distancias.



A lapa de Gargatáns (Moraña, Pontevedra)



Cromlech de Stonehenge



*Dolmen simple da Casiña da Moura
(Maus de Salas, Muíños)*



*Dolmen de corredor da Casa da Moura
(Queguas, Entrimo)*

+ Existen dúas tipoloxías de dolmen:

. **Dolmens de cámara simple:** Compostos por un pequeno espazo cuadrangular que lles permitía realizar soterramentos máis humildes.

. **Dolmens con corredor:** Esta tipoloxía de dolmens son máis complexos, xa que ao espazo funerario precédelle un pequeno corredor que remata nun espazo rectangular habitualmente decorado con cistas e ferramentas cotiáns.

8. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

Eguileta Franco J.M. (1999): A Baixa Limia na prehistoria recente: arqueoloxía dunha paisaxe da Galicia interior, Deputación de Ourense.

- Eguileta Franco J.M. (2004): Dólmenes en Muíños: unha viaxe polo Megalitismo galego, Dirección Xeral de Turismo.

- García Mañá (2005): Couto Mixto: Unha república esquecida. Universidade de Vigo.

- González Clavijo E.J. e Pérez Vázquez (2021): Guía xeolóxica do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

- Lorenzo X. (1983): A casa, Ed. Galaxia.

- Lorenzo X. (1983): A Terra, Ed. Galaxia.

- Lorenzo X. (2004): A Casa popular na Limia Baixa, Servizo de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

- Lorenzo X. (1983): Os Oficios, Ed. Galaxia.

- Paúl, V., & Trillo Santamaría, J. M. (2019). Hacia una geografía histórica del Gerês/Xurés: la conformación de una región transfronteriza. REVISTA DE HISTORIOGRAFÍA (RevHisto), (30), 119-155.

- Pulgar Sañudo I. (1999): La vegetación de la Baixa Limia y sierras del entorno (Tese doutoral inédita). Universidade de Santiago.

- Rodríguez Colmenero A. e Ferrer Sierra S.(2006): Excavaciones arqueológicas en Aquis Querquennis.

Actuaciones en el campamento romano, Fundación Aquae Querquennae.



Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

GERÊS-XURÉS
mais sustentável

GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIÇA



.....

DEPUTACIÓN
OURENSE